

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 20 de xuño de 2011 pola que se resolve o concurso público de méritos para cubrir postos nos equipos de orientación específicos.

Pola Orde do 23 de novembro de 2010 convocouse concurso de méritos para cubrir postos nos equipos de orientación específicos.

En aplicación do disposto no artigo 10 da citada convocatoria, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro. Facer pública, no anexo a esta orde, a adxudicación definitiva das prazas obtidas no concurso público convocado pola referida orde.

Segundo. De conformidade co establecido no artigo 10.2, as prazas adxudicadas serán con carácter definitivo, polo que as persoas seleccionadas se deberán incorporar con data do 1 de setembro de 2011, cesando no seu destino de procedencia o 31 de agosto dese ano.

Terceiro. Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro) de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2011.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Trastornos de conduta-EOE A Coruña: Cazón Fernández, Rosa María (DNI 32433800M).

Sobredotación intelectual-EOE Lugo: Ferreiro Pumariño, Genoveva (DNI 33857133Y).

Audición e linguaxe-EOE Lugo: Rodríguez Campos, José Luis (DNI 33851027H).

Trastornos xeneralizados do desenvolvemento-EOE Ourense: deserta.

Trastornos xeneralizados do desenvolvemento-EOR Pontevedra: Núñez Pintos, María Esther (DNI 35303409L).